

CENTRO: IES de Rodeira

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

**Tecnoloxías da información
e da comunicación**

CENTRO:

I.E.S. de RODEIRA

DEPARTAMENTO:

INFORMÁTICA

CURSO:

4º EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA

ANO ACADÉMICO:

2020-2021

PROFESOR:

Pablo Vázquez Fernández

Sumario

1.- GLOSARIO.....	4
1.- INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN.....	6
1.1.- CONTEXTUALIZACIÓN DAS COMPETENCIAS CLAVE.....	7
1.2.- OBXECTIVOS DA EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA.....	8
1.3.- ELEMENTOS TRANSVERSAIS.....	9
2.- VINCULACIÓN ENTRE OBXECTIVOS, SECUENCIACIÓN E TEMPORALIZACIÓN DE CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN, ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE E GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN DE CADA UN, COMPETENCIAS CLAVE, ELEMENTOS TRANSVERSAIS, INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN E CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN...	11
2.1.- VINCULACIÓN ENTRE OBXECTIVOS, SECUENCIACIÓN DE CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN, ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE E GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN DE CADA UN, COMPETENCIAS CLAVE E ELEMENTOS TRANSVERSAIS.....	11
2.2.- TEMPORALIZACIÓN DOS CONTIDOS.....	18
2.3.- VINCULACIÓN ENTRE OS INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN, CRITERIOS DE AVALIACIÓN, ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE E CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN...	18
3.- METODOLOXÍA DIDÁCTICA, INCLUÍENDO AS ESTRATEXIAS A DESENVOLVER POLO PROFESORADO, PARA ACADAR OS ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE, ASÍ COMO A ADQUISICIÓN DAS COMPETENCIAS CLAVE.....	20
4.- MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS.....	20
5.- PROCEDEMENTO PARA A AVALIACIÓN INICIAL.....	21
6.- PROCEDEMENTO DE AVALIACIÓN CONTINUA.....	21
6.1.- CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN.....	22
6.1.A .-CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN DOS TRABALLOS REALIZADOS. RÚBRICA.	23
7.- PROCEDEMENTO DE AVALIACIÓN EXTRAORDINARIA.....	24
8.- PROCEDEMENTO PARA SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN DAS MATERIAS PENDENTES.	24
9.- CRITERIOS DE TITULACIÓN.....	25
10.- INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DE ENSINO E A PRÁTICA DOCENTE.....	25

11.- INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR A PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA.....	26
12.- ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES.....	27
13.- MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.....	27
14.- ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AOS PLANS TIC, LECTOR, E DE CONVIVENCIA.....	27
14.1.- PLAN TIC.....	27
14.2.- PLAN LECTOR.....	27
14.3.- PLAN DE CONVIVENCIA.....	28
15.- ADAPTACIÓN NO CASO DE INCIDENCIA COVID19.....	33

1.- GLOSARIO

Desenvolvemento curricular	2ª nivel de planificación curricular. Inclúese no PE.
Programacións didácticas	3º nivel de planificación. Realizada polos departamentos didácticos.
Programación de aula Programación didáctica	4º nivel de planificación. Realizada polo profesorado. Instrumento de planificación curricular específico de cada área que pretende ordenar o proceso de ensino - aprendizaxe do alumnado. Debe responder a estas cuestións: 1. Que, cando e como ensinar / 2. Que, cando e como avaliar / 3. Como atender á diversidade.
Criterios de avaliación	Referente específico para avaliar a aprendizaxe do alumnado. Describen aquilo que se quere valorar e que o alumnado debe lograr, tanto en coñecementos coma en competencias. Responden ao que se pretende conseguir en cada disciplina (art. 2.3. do Decreto 86/2015).
Estándares de aprendizaxe	Especificacións dos criterios de avaliación que permiten definir os resultados de aprendizaxe e que concretan o que o alumnado debe saber, comprender e saber facer en cada disciplina. Deben ser observables, medíbles e avaliábles, e permitir graduar o rendemento ou o logro alcanzado.
Criterios de cualificación Indicadores de logro	Son especificacións dos estándares para graduar o seu nivel de adquisición. Forman parte dos criterios de cualificación de dito estándar. O instrumento máis idóneo para identificar esa graduación sería a rúbrica (art. 7.4 da Orde ECD 65/2015, BOE 29/1/2015). O docente é o responsable da súa definición e posta en práctica.
Grao de consecución dun estándar	Serve para sinalar o grao mínimo de consecución esixible dun estándar para superar a materia (art. 13.3d da Resolución 27/7/2015). Canto maior sexa o grao esixido de consecución, máis importante se considera o estándar.
Criterios de cualificación e instrumentos	Serven para ponderar “ o valor ” que se dá a cada estándar e a proporción que cada instrumento utilizado para avalialo achega a ese valor.
Procedementos e instrumentos	Os procedementos de avaliación utilizables, como a observación sistemática do traballo do alumnado, as probas orais e escritas, o portfolio, os protocolos de rexistro ou os traballos de clase, permitirán a integración de todas as competencias nun marco de avaliación coherente (art. 7.6, terceiro parágrafo, da Orde ECD 65/2015).
Rúbrica	Instrumento de avaliación que permite coñecer o grao de adquisición dunha aprendizaxe ou dunha competencia.

OUTROS ASPECTOS

Perfil de área	Conxunto de estándares de aprendizaxe avaliábeis que ten unha área ou materia. Dado que os estándares de aprendizaxe avaliábeis póñense en relación coas competencias, este perfil permitirá identificar aquelas competencias que se desenvolven a través desa área ou materia (art. 5.6 Orde ECD 65/2015). Son a referencia para a programación, a avaliación e o reforzo.
Perfil competencial	Conxunto de estándares de diferentes áreas relacionados coa mesma competencia clave (art. 5.7 Orde ECD 65/2015).
Avaliación das competencias	A avaliación do grao de adquisición das competencias debe estar integrada coa avaliación dos contidos , na medida en que ser competente supón mobilizar os coñecementos, destrezas, actitudes e valores (art. 7.3 da Orde ECD 65/2015).
Nivel de desempeño das competencias	Poderanse medir a través dos indicadores de logro, tales como rúbricas ou escalas de avaliación [...] que teñan en conta a atención á diversidade (art. 7.4 da Orde ECD/65/2015).
Tarefa	É a acción ou conxunto de accións orientadas á resolución dunha situación ou problema, nun contexto definido, combinando todos os saberes dispoñíbeis para elaborar un produto relevante. As tarefas integran actividades e exercicios.
Identificación de contidos e criterios	Exemplo: B1.1: B1: Bloque de contido / 1: Número de contido dun bloque.
Identificación de estándares	Exemplo: XHB1.1.2 XH: Abreviatura da área: Xeografía e Historia. B1. Bloque de contidos do que xorde o estándar. 1. Número do criterio de avaliación que orixina o estándar. 2. Número de estándar dun determinado criterio de avaliación.

1.- INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN

As tecnoloxías da información e da comunicación (TIC) desenvolven un papel fundamental na sociedade actual, porque proporcionan un conxunto de coñecementos e de técnicas que permiten satisfacer as necesidades individuais e colectivas. Neste sentido, as TIC achéganlle ao currículo a capacidade de analizar e redeseñar a relación entre dispositivos tecnolóxicos e necesidades sociais, ámbito no que a innovación e a condición de inmediateza que lle son propias dotan esta materia dunha grande relevancia educativa. Na resolución de problemas coas TIC conxúganse, ademais da innovación, elementos como o traballo en equipo ou o carácter emprendedor, que son imprescindibles para formar unha cidadanía autónoma e competente.

Ademais, o coñecemento das novas tecnoloxías proporciona unha imprescindible perspectiva científico-tecnolóxica sobre a necesidade de construír unha sociedade formada por unha cidadanía crítica con respecto ao que acontece arredor dela.

A materia de Tecnoloxías da Información e da Comunicación trata de achegarlle ao alumnado as habilidades necesarias para adaptarse aos cambios propios deste ámbito tecnolóxico. Deste xeito, na parte da materia correspondente a cuarto curso de educación secundaria obrigatoria, os bloques de **"Ética e estética da interacción en rede"**, de **"Seguridade informática"** e de **"Internet, redes sociais e hiperconexión"** tratan aspectos das redes moi relacionados entre si, que é necesario que o alumnado domine para que poida desenvolverse con soltura e seguridade nos ámbitos profesional e persoal. O bloque de **"Computadores, sistemas operativos e redes"** abonda en aspectos de configuración dos computadores e de instalación de aplicación cos que as persoas usuarias deben familiarizarse para utilizar computadores e aplicacións xunto con outros dispositivos hoxe imprescindibles, como teléfonos intelixentes e táboas, ou para utilizar as posibilidades de conectividade das TIC. O bloque de **"Organización, deseño e produción de información dixital"** e o de **"Publicación e difusión de contidos"** tratan os aspectos que poden necesitarse para producir documentos e difundilos, ademais dalgúns temas relacionados co soporte das publicacións, como son o tratamento de datos, a xeración de informes e a incorporación de elementos gráficos e audiovisuais nos documentos.

Como noutras materias que tratan aspectos tecnolóxicos, nesta intégranse coñecementos de carácter matemático e científico, ademais de que é frecuente que as TIC se utilicen para resolver problemas específicos doutras disciplinas. Un enfoque interdisciplinar, xa que logo, favorecerá a conexión con outras materias e mesmo con diversos temas de actualidade.

Desde o punto de vista metodolóxico, as TIC admiten tratamentos moi diversos, porque serven tanto para integrar as restantes materias do currículo como para afondar en aspectos moi específicos, como a programación ou as comunicacións, sen esquecer que son especialmente indicadas para reflexionar sobre os temas tecnolóxicos e de actualidade.

Esta materia caracterízase pola realización de actividades nas que se desenvolven destrezas técnicas para acceder ás redes de información, que tamén se comparte, e se utilizan aplicacións informáticas de propósito xeral. Neste contexto, a iniciativa, a colaboración e o respecto polas normas de seguridade e polos dereitos dos colectivos relacionados coa cultura ou coa produción de programas informáticos son tan importantes como o dominio dos recursos informáticos e das redes de comunicacións.

A participación pode potenciarse nesta materia mediante a exposición de traballos, a resolución colaborativa de problemas mediante a realización de proxectos informáticos, a utilización

colectiva de recursos virtuais ou a procura e a análise de información en internet, aspectos que tamén favorecen a propia aprendizaxe.

Na ensinanza das TIC resulta, daquela, adecuado reflexionar e traballar en grupo procurando solucións a problemas concretos onde se poidan aplicar os coñecementos adquiridos, e buscar información adicional, se se require, para fomentar o espírito emprendedor.

Centro:

Situación: O IES de Rodeira está situado na Avda. de Ourense S/N- Cangas do Morrazo-Pontevedra.

Ensinanzas que oferta o centro: ESO, Bachalerato, Ciclos formativos de grao medio e superior, FP básica, ESA, Escola de Idiomas

Alumnado:

Poboación inmigrante: Hai algún alumnado inmigrante, aínda que a meirande parte son da comarca

Alumnado con NEAE no curso actual: Nesta materia non está detectado ningún alumno con NEAE

1.1.- CONTEXTUALIZACIÓN DAS COMPETENCIAS CLAVE

Segundo o artigo 3, do DECRETO 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia, **as competencias clave do currículo serán as seguintes:**

Comunicación lingüística (CCL).

Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCCT).

Competencia dixital (CD).

Aprender a aprender (CAA).

Competencias sociais e cívicas (CSC).

Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE).

Conciencia e expresións culturais (CCEC).

A contribución da materia de TIC ao desenvolvemento das competencias clave dependerá en grande medida do tipo de actividades; é dicir, da metodoloxía empregada:

- ✓ **A comunicación lingüística** desenvolverase na medida en que o alumnado adquira e utilice un vocabulario técnico preciso, elabore programas e documentos, explique conceptos ou elabore e expoña información.
- ✓ **A competencia matemática e as competencias básicas en ciencia e tecnoloxía** poden alcanzarse configurando e administrando máquinas e sistemas operativos, aplicando técnicas

de tratamento e almacenamento de datos ou asumindo hábitos seguros no contexto das redes de comunicación, competencias que tamén se favorecen analizando o funcionamento de programas, aplicacións e sistemas operativos, ou mediante a análise e a valoración das repercusións dos hábitos sociais en internet.

- ✓ **A competencia dixital**, que é a específica desta materia, desenvolverase co emprego constante das TIC para procurar e almacenar información, para obter e presentar datos e para simular sistemas, ou para elaborar programas ou utilidades informáticas que sirvan para resolver problemas.
- ✓ **Na competencia aprender a aprender**, as actividades deben permitir que tome decisións cun certo grao de autonomía, que organice o proceso da propia aprendizaxe e que aplique o aprendido a situacións cotiás das que poida avaliar os resultados.
- ✓ **As competencias sociais e cívicas** alcanzaranse procurando que o alumnado traballe en equipo, interactúe con outras persoas e con grupos de forma democrática, e respecte a diversidade e as normas, e tamén mediante a análise da interacción entre o desenvolvemento das TIC e os cambios socioeconómicos e culturais que produce.
- ✓ **O sentido de iniciativa e espírito emprendedor** conséguese nesta materia a través do deseño, da planificación e da xestión de proxectos informáticos sinxelos, ao transformar as ideas propias en programas ou en documentos.
- ✓ **A conciencia e as expresións culturais** reflíctense na análise da influencia dos fitos técnicos das TIC en distintas culturas e no seu desenvolvemento e progreso.

En resumo, a materia de Tecnoloxías da Información e da Comunicación ofrece un inmenso potencial para axudar a comprender o contorno social e para desenvolver un conxunto de competencias relacionadas tanto co contexto profesional como coas formas que a participación cidadá está a adoptar no contexto das TIC que afectan por iguais ámbitos social e do desenvolvemento persoal.

1.2.- OBXECTIVOS DA EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA

Segundo o artigo 10 do decreto, os obxectivos da educación secundaria obrigatoria son:

a) Asumir responsablemente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto ás demais persoas, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e os grupos, exercitarse no diálogo, afianzando os dereitos humanos e a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes, como valores comúns dunha sociedade plural, e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.

b) Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo, como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.

c) Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar a discriminación das persoas por razón de sexo ou por calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre homes e mulleres, así como calquera manifestación de violencia contra a muller.

d) Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo e os comportamentos sexistas, e resolver pacificamente os conflitos.

e) Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información, para adquirir novos coñecementos con sentido crítico. Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e a comunicación.

f) Concibir o coñecemento científico como un saber integrado, que se estrutura en materias, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas en diversos campos do coñecemento e da experiencia.

g) Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.

h) Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua galega e na lingua castelá, textos

i) Comprender e expresarse nunha ou máis linguas estranxeiras de maneira apropiada.

l) Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e da historia propias e das outras persoas, así como o patrimonio artístico e cultural. Coñecer mulleres e homes que realizaran achegas importantes á cultura e á sociedade galega, ou a outras culturas do mundo.

m) Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e o das outras persoas, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporais, e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado dos seres vivos e o medio ambiente, contribuíndo á súa conservación e á súa mellora.

n) Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representación.

ñ) Coñecer e valorar os aspectos básicos do patrimonio lingüístico, cultural, histórico e artístico de Galicia, participar na súa conservación e na súa mellora, e respectar a diversidade lingüística e cultural como dereito dos pobos e das persoas, desenvolvendo actitudes de interese e respecto cara ao exercicio deste dereito.

o) Coñecer e valorar a importancia do uso da lingua galega como elemento fundamental para o mantemento da identidade de Galicia, e como medio de relación interpersoal e expresión de riqueza cultural nun contexto plurilingüe, que permite a comunicación con outras linguas, en especial coas pertencentes á comunidade lusófona.

1.3.- ELEMENTOS TRANSVERSAIS

Alguns contidos da ensinanza non poden estar situados nunha área determinada do currículo, pois son temas importantes que reclaman a contribución de tódalas áreas, cada unha dende a súa propia perspectiva e especificidade. A continuación trátase de expoñer como van a ser tratados algúns de estes temas transversais dentro da disciplina de Tecnoloxías da Información do I.E.S. de Rodeira.

Respectando o tratamento específico en algunhas áreas, os **elementos transversais**, tales como a **comprensión lectora (CL)**, a **expresión oral e escrita (EOE)**, a **comunicación audiovisual (CA)**, as **tecnoloxías da información e a comunicación (TIC)**, o **emprendemento (E)** e a **educación cívica e constitucional (ECC)**, traballaranse dende tódalas áreas, posibilitando e fomentando que o proceso de ensinanza-aprendizaxe do alumnado sexa o máis completo posible.

Outros elementos transversais que traballaremos na materia son:

- **Educación para a saúde e calidade de vida (ESCV).** O lograr un ambiente agradable na realización dos traballos da área axudan a xerar comportamentos e actitudes moi positivas para a saúde; fomenta-la orde e limpeza na aula de tecnoloxía; coñecer e aplica-las normas de seguridade e hixiene no traballo propicia unha valoración positiva, por parte dos nosos alumnos, da educación para a saúde.

- **Educación ambiental (EA)**. Fomenta-la busca de solucións que eviten ou minimicen o impacto ambiental; valora-lo posible esgotamento de recursos e analiza-los inconvenientes que se deriven do uso de cada un dos materiais, e a repercusión que poida ter nas persoas, animais e plantas, así coma na vida en sociedade.

- **Educación para o consumidor(EC)**. Valora-lo custo na realización dos proxectos tecnolóxicos e comparalo co seu uso, analizando as condicións técnicas e estéticas que debe reunir para determina-las características dos materiais que hai que utilizar; analiza-la relación calidade/prezo axudará a desenvolver nos nosos alumnos actitudes de consumidor responsable.

- **Educación para a paz, para a tolerancia e a convivencia (EPTC)**. Fomenta-lo traballo cooperativo; incidir no respecto ás ideas doutros; apoia-los menos capacitados no desenvolvemento dos proxectos tecnolóxicos; desenvolver unha actitude aberta e flexible ante as ideas e os traballos dos demais axudan a adquirir valores e actitudes que incidan directamente neste tema transversal.

- **Educación para a igualdade entre homes e mulleres (EIHM)**. Fomenta-lo reparto de tarefas nun plano absoluto de igualdade en función das capacidades, sen distinción de sexo; valora-lo esforzo, as ideas e o traballo dos demais dende unha perspectiva de igualdade son contidos plenamente enmarcados na área de Tecnoloxía que inciden no desenvolvemento dunha educación para a igualdade de oportunidades de ámbolos dous sexos.

- **Educación sexual (ES)**. Evitaranse os comportamentos e os contidos sexistas e os estereotipos que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero, favorecendo a visibilidade da realidade homosexual, bisexual, transexual, transxénero e intersexual.

- **Educación vial (EV)**. Promoveranse accións para a mellora da convivencia e a prevención dos accidentes de tráfico, coa finalidade de que os/as alumnos/as coñezan os seus dereitos e deberes como usuarios/as das vías, en calidade de peóns, viaxeiros/as e condutores/as de bicicletas ou vehículos a motor, respecten as normas e os sinais, e se favoreza a convivencia, a tolerancia, a prudencia, o autocontrol, o diálogo e a empatía con actuacións adecuadas tendentes a evitar os accidentes de tráfico e as súas secuelas.

Por outra parte, o desenvolvemento e a aprendizaxe dos **valores**, presentes en tódalas áreas, axudarán a que os nosos alumnos e alumnas aprendan a desenvolverse nunha sociedade ben consolidada na que todos podamos vivir, e que colaboran na súa construción.

2.- VINCULACIÓN ENTRE OBXECTIVOS, SECUENCIACIÓN E TEMPORALIZACIÓN DE CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN, ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE E GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN DE CADA UN, COMPETENCIAS CLAVE, ELEMENTOS TRANSVERSAIS, INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN E CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN.

2.1.- VINCULACIÓN ENTRE OBXECTIVOS, SECUENCIACIÓN DE CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN, ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE E GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN DE CADA UN, COMPETENCIAS CLAVE E ELEMENTOS TRANSVERSAIS.

1ª AVALIACIÓN:

BLOQUE 2. COMPUTADORES, SISTEMAS OPERATIVOS E REDES						
OBXECTIVOS	CONTIDOS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN	COMPETENCIAS CLAVE	ELEMENTOS TRANSVERSAIS
f	B2.1. Funcións de configuración dos equipamentos informáticos.	B2.1. Utilizar e configurar equipamentos informáticos, identificando os elementos que os configuran e a súa función no conxunto.	TICB2.1.1. Realiza operacións básicas de organización e almacenamento da información.	TICB2.1.1.	CD CMCCT CAA	TIC E
			TICB2.1.2. Configura elementos básicos do sistema operativo e de accesibilidade do equipamento informático.	Configura elementos básicos do sistema operativo.	CD CMCCT	TIC
f	B2.2. Instalación e eliminación de software de propósito xeral.	B2.2. Xestionar a instalación e eliminación de software de propósito xeral.	TICB2.2.1. Resolve problemas vinculados aos sistemas operativos e ás aplicacións e os programas vinculados a estes.		CD CMCCT CAA	TIC E
a f	B2.3. Utilización de software de comunicación entre equipamentos e sistemas.	B2.3. Utilizar software de comunicación entre equipamentos e sistemas.	TICB2.3.1. Administra o equipamento con responsabilidade e coñece aplicacións de comunicación entre dispositivos.		CD CMCCT	TIC
f	B2.4. Arquitectura dun computador: compoñentes básicos e características.	B2.4. Coñecer a arquitectura dun computador, identificando os seus compoñentes básicos, e describir as súas características.	TICB2.4.1. Analiza e coñece diversos compoñentes físicos dun computador, as súas características técnicas e as conexións entre eles.	Describe os principais compoñentes dun computador.	CD CMCCT	TIC
f	B2.5. Elementos e sistemas para a comunicación con fíos e sen eles.	B2.5. Analizar os elementos e os sistemas que configuran a comunicación con fíos e sen eles.	TICB2.5.1. Describe as formas de conexión na comunicación entre dispositivos dixitais.	TICB2.5.1.	CD CMCCT CCL	TIC CL

BLOQUE 3. ORGANIZACIÓN, DISEÑO E PRODUCCIÓN DE INFORMACIÓN DIXITAL						
OBXECTIVOS	CONTIDOS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN	COMPETENCIAS CLAVE	ELEMENTOS TRANSVERSAIS
c f g h i m ñ a o	<p>B3.1. Procesos de produción de documentos con aplicacións ofimáticas e de deseño gráfico. Maquetaxe. Importación de imaxes e gráficos.</p> <p>B3.2. Formatos abertos e estándares de formato na produción de documentación.</p>	B3.1. Utilizar aplicacións informáticas de escritorio para a produción de documentos.	TICB3.1.1. Elabora e maqueta documentos de texto con aplicacións informáticas que facilitan a inclusión de táboas, imaxes, fórmulas, gráficos, así como outras posibilidades de deseño, e interactúa con outras características do programa.	Elabora documentos incluíndo táboas e imaxes co procesador de textos	CD CMCCT. CCL CAA CSIEE CCEC	TIC CL E ECC

BLOQUE 1. ÉTICA E ESTÉTICA NA INTERACCIÓN EN REDE						
OBXECTIVOS	CONTIDOS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN	COMPETENCIAS CLAVE	ELEMENTOS TRANSVERSAIS
a b f g h i o	<p>B1.1. Políticas de seguridade para a protección do individuo na interacción coa rede. Contraseñas. Condutas e hábitos seguros.</p> <p>B1.2. Intercambio e publicación de información dixital na rede. Seguridade e responsabilidade no uso dos servizos de publicación.</p>	B1.1. Adoptar condutas e hábitos que permitan a protección do individuo na súa interacción na rede.	<p>TICB1.1.1. Interactúa con hábitos adecuados en contornos virtuais.</p> <p>TICB1.1.2. Aplica políticas seguras de utilización de contraseñas para a protección da información persoal.</p>	<p></p> <p>Coñece as políticas de seguridade para a protección do individuo na interacción coa rede.</p>	<p>CD CSC</p> <p>CD CMCCT</p>	<p>TIC</p> <p>TIC</p>

a, b, f, g, h, i, m, ñ, o	B1.3. Dereitos de propiedade intelectual e de explotación dos materiais aloxados na web. Tipos de licenzas de distribución.	B1.2. Acceder a servizos de intercambio e publicación de información dixital con criterios de seguridade e uso responsable.	TICB1.2.1. Realiza actividades con responsabilidade sobre conceptos como a propiedade e o intercambio de información.	Coñece o concepto de propiedade intelectual.	CD CAA CSC CCEC	TIC E ECC
a, g, h, i, m, ñ	B1.4. Propiedade e distribución do software e da información. Tipos de licenzas de uso e distribución.	B1.3. Recoñecer e comprender os dereitos dos materiais aloxados na web.	TICB1.3.1. Consulta distintas fontes e navega coñecendo a importancia da identidade dixital e os tipos de fraude da web.		CD CAA CSC	TIC E
	B1.5. Identidade dixital, privacidade e seguridade. Desenvolvemento de actitudes de protección activa ante dos intentos de fraude.		TICB1.3.2. Diferencia o concepto de materiais suxeitos a dereitos de autoría e materiais de libre distribución.	TICB1.3.2.	CD CSC CCEC	TIC ECC

2ª AVALIACIÓN:

BLOQUE 3. ORGANIZACIÓN, DISEÑO E PRODUCCIÓN DE INFORMACIÓN DIXITAL						
OBXECTIVOS	CONTIDOS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN	COMPETENCIAS CLAVE	ELEMENTOS TRANSVERSAIS
c, f, g, h, i, m, ñ, a, o	B3.3. Operacións básicas en follas de cálculo. Creación de gráficos. Elaboración de informes sinxelos.	B3.1. Utilizar aplicacións informáticas de escritorio para a produción de documentos.	TICB3.1.2. Produce informes que requiren o emprego de follas de cálculo, que inclúan resultados textuais, numéricos e gráficos.	Manexa programas de follas de cálculo	CD CMCCT CCL CSIEE	TIC CL E
	B3.4. Organización da información en bases de datos. Realización de consultas básicas e xeración de documentos.		TICB3.1.3. Elabora bases de datos sinxelas e utiliza a súa funcionalidade para consultar datos, organizar a información e xerar documentos.	Fai consultas nunha base de datos sinxela	CD CMCCT CAA CSIEE	TIC E

BLOQUE 4. SEGURIDADE INFORMÁTICA						
OBXECTIVOS	CONTIDOS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN	COMPETENCIAS CLAVE	ELEMENTOS TRANSVERSAIS
a f	B4.1. Procedementos de intercambio de información entre dispositivos físicos de características técnicas diversas.	B4.1. Adopta condutas de seguridade activa e pasiva na protección de datos e no intercambio de información.	TICB4.1.1. Analiza e coñece dispositivos físicos e características técnicas, de conexión e de intercambio de información entre eles.	Coñece dispositivos físicos de conexión e de intercambio de información entre eles.	CD CMCCT	TIC
	B4.2. Riscos de seguridade para sistemas, aplicacións e datos. Hábitos de protección.		TICB4.1.2. Coñece os riscos de seguridade e emprega hábitos de protección adecuados.	TICB4.1.2.	CD CMCCT	TIC
	B4.3. Medidas de seguridade activa e pasiva. Actualización do software. Antivirus e devasas.		TICB4.1.3. Describe a importancia da actualización do software e do emprego de antivirus e de devasas para garantir a seguridade.	Coñece as ventaxas do emprego de antivirus para garantir a seguridade.	CD CMCCT CCL	TIC CL

3ª AVALIACIÓN:

BLOQUE 3. ORGANIZACIÓN, DISEÑO E PRODUCCIÓN DE INFORMACIÓN DIXITAL						
OBXECTIVOS	CONTIDOS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN	COMPETENCIAS CLAVE	ELEMENTOS TRANSVERSAIS
c f g h i m ñ o	B3.5. Tipos de presentacións e estrutura do contido. Deseño da estrutura e de elementos gráficos adecuados para o público obxectivo. Importación de elementos multimedia, de imaxes e de gráficos.	B3.2. Elaborar contidos de imaxe, audio e vídeo, e desenvolver capacidades para integralos en diversas producións.	TICB3.2.1. Integra elementos multimedia, imaxe e texto na elaboración de presentacións, adecuando o deseño e a maquetaxe á mensaxe e ao público obxectivo a quen vai dirixido.	Manexa programas de presentacións	CD CMCCT CCL CAA CSIEE CCEC CSC	TIC CL E ECC
	B3.6. Edición e montaxe de		TICB3.2.2. Emprega dispositivos de captura de imaxe, son e vídeo, edita a información	Manexa programas de tratamento de	CD CMCCT.	TIC CL

	<p>materiais audiovisuais a partir de fontes diversas. Captura de imaxe, de son e de vídeo, e conversión a outros formatos.</p> <p>B3.7. Tratamento básico da imaxe dixital. Exposición, saturación, luminosidade e contraste. Resolución e formatos.</p>		mediante software específico e crea novos materiais en diversos formatos.	imaxes dixitais	CCL CAA CSIEE	E
--	---	--	---	-----------------	---------------------	---

BLOQUE 5. PUBLICACIÓN E DIFUSIÓN DE CONTIDOS

OBXECTIVOS	CONTIDOS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN	COMPETENCIAS CLAVE	ELEMENTOS TRANSVERSAIS
b f	B5.1. Compartición de recursos en redes locais e en internet.	B5.1. Utilizar dispositivos de intercambio de información coñecendo as características da comunicación ou da conexión entre eles.	TICB5.1.1. Realiza actividades que requiren compartir recursos en redes locais e virtuais.		CD CMCCT. CAA CSC	TIC E ECC
a f g h i m ñ o	B5.3. Deseño de páxinas web sinxelas.	B5.2. Elaborar e publicar contidos na web que integren información textual, numérica, sonora e gráfica.	TICB5.2.1. Integra e organiza elementos textuais e gráficos en estruturas hipertextuais.	TICB5.2.1.	CD CMCCT. CCL CAA	TIC CL E
			TICB5.2.2. Deseña páxinas web e coñece os protocolos de publicación, baixo estándares adecuados e con respecto aos dereitos de propiedade.	TICB5.2.2.	CD CMCCT CCL CSC CSIEE CCEC	TIC CL ECC E
a	B5.4. Creación e publicación	B5.3. Coñecer os estándares de	TICB5.3.1. Participa colaborativamente en	TICB5.3.1.	CD	TIC

b c g h i m ñ o	na web. Estándares de publicación. B5.5. Traballo colaborativo con servizos na nube e coas ferramentas das TIC de carácter social.	publicación e empregalos na produción de páxinas web e coas ferramentas das TIC de carácter social.	diversas ferramentas das TIC de carácter social e xestiona os propios.		CMCCT. CCL CAA CSIEE CSC	CL ECC E
--------------------------------------	---	---	--	--	--------------------------------------	----------------

BLOQUE 6. INTERNET, REDES SOCIAIS E HIPERCONEXIÓN

OBXECTIVOS	CONTIDOS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN	COMPETENCIAS CLAVE	ELEMENTOS TRANSVERSAIS
a b f g h i m ñ o	B6.1. Creación e publicación na web de materiais multiplataforma accesibles.	B6.1. Desenvolver hábitos no uso de ferramentas que permitan a accesibilidade ás producións desde diversos dispositivos móbiles.	TICB6.1.1. Elabora materiais para a web que permiten a accesibilidade á información multiplataforma.	TICB6.1.1.	CD CMCCT CSIEE	TIC E
	B6.2. Recursos e plataformas de formación a distancia, emprego e saúde.		TICB6.1.2. Realiza intercambio de información en distintas plataformas nas que está rexistrado/a e que ofrecen servizos de formación, lecer, etc.		CD CMCCT. CCL CAA CSC	TIC CL E ECC
	B6.3. Administración electrónica e comercio electrónico: intercambios económicos e seguridade.		TICB6.1.3. Sincroniza a información entre un dispositivo móbil e outro dispositivo.		CD CMCCT.	TIC
	B6.4. Sincronización entre dispositivos móbiles e computadores.					
a b f g h	B6.5. Redes sociais. Privacidade e seguridade persoal na interacción en redes	B6.2. Empregar o sentido crítico e desenvolver hábitos adecuados no uso e no intercambio da información a través de redes sociais e plataformas.	TICB6.2.1. Participa activamente en redes sociais con criterios de seguridade.		CD CMCCT. CCL CAA CSC	TIC CL E ECC

i m ñ o	sociais.				CSIEE	
f m ñ	B6.6. Utilización de canles de distribución de contidos multimedia para distribución de materiais propios.	B6.3. Publicar e relacionar mediante ligazóns, información en canles de contidos multimedia, presentacións, imaxe, audio e vídeo.	TICB6.3.1. Emprega canles de distribución de contidos multimedia para aloxar materiais propios e enlazalos noutras producións.	TICB6.3.1.	CD CMCCT. CCL CSC	TIC CL ECC

2.2.- TEMPORALIZACIÓN DOS CONTIDOS

A distribución temporal realizouse tendo en conta que o curso escolar para estes alumnos consta aproximadamente de 31-32 semanas lectivas e que á materia lle corresponde 3 horas semanais.

	SEMANA 1	SEMANA 2	SEMANA 3	SEMANA 4
SETEMBRO			<u>PRESENTACIÓN</u> <u>PROGRAMACIÓN</u> <u>DIDÁCTICA</u>	Bloque 2
OUTUBRO	Bloque 2: Computadores, sistemas operativos e redes		Bloque 3: Organización, deseño e produción de información dixital. (procesadores de texto)	
NOVEMBRO	Bloque 3//procesador de textos		Bloque 1: Ética e estética na interacción na rede.	
DECEMBRO	Bloque 1		NADAL	
XANEIRO	NADAL	Bloque 3:Organización, deseño e produción de información dixital. (folla de cálculo)		
FEBREIRO	Bloque 3//folla de cálculo	ENTROIDO	Bloque 4: Seguridade informática	Bloque 3//base de datos
MARZO	Bloque 3//base de datos		SEMANA SANTA	Bloque 3//presentacións
ABRIL	Bloque 3//presentacións		Bloque 3//tratamento de imaxes dixitais	
MAIO	Bloque 3//tratamento de imaxes dixitais		Bloque 5: Publicación e difusión de contidos	
XUÑO	Bloque 6: Internet, redes sociais e hiperconexión		FIN CURSO	

2.3.- VINCULACIÓN ENTRE OS INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN, CRITERIOS DE AVALIACIÓN, ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE E CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN.

Os instrumentos de avaliación e criterios de cualificación explícanse dun xeito máis extenso no apartado 7 (procedemento de avaliación continua)

1ª AVALIACIÓN:

INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN	UNIDADE	CRITERIOS DE AVALIACIÓN// ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN
<u>TRABALLO DE CLASE:</u> Análise sistemática e continuada das <u>tarefas e controis realizados na aula.</u>	BLOQUE 2: COMPUTADORES, SISTEMAS OPERATIVOS E REDES	B2.1. //TICB2.1.1. ; TICB2.1.2. B2.2. //TICB2.2.1. B2.3. //TICB2.3.1. B2.4. //TICB2.4.1. B2.5. //TICB2.5.1.	90%
<u>TRABALLO DE CLASE:</u> Análise sistemática e continuada das <u>tarefas e controis realizados na aula.</u>	BLOQUE 3: ORGANIZACIÓN, DISEÑO E PRODUCCIÓN DE INFORMACIÓN DIXITAL (procesadores de texto: Exercicios do bloque.)	B2.1. //TICB2.1.1. ; TICB2.1.2. B2.2. //TICB2.2.1. B2.3. //TICB2.3.1. B2.4. //TICB2.4.1. B2.5. //TICB2.5.1. B.3.1.//TIC1B3.1.1.	90%
<u>TRABALLO DE APLICACIÓN E SÍNTESE (Exposición)</u>	BLOQUE 1: ÉTICA E ESTÉTICA NA INTERACCIÓN NA REDE	B1.1.//TICB1.1.1. ; TICB1.1.2. B1.2.//TICB1.2.1. B1.3.//TICB1.3.1. ;TICB1.3.2. B.3.2.//TIC1B3.2.1.	90%

2ª AVALIACIÓN:

INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN	UNIDADE	CRITERIOS DE AVALIACIÓN// ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN
<u>TRABALLO DE APLICACIÓN E SÍNTESE</u>	BLOQUE 4: SEGURIDADE INFORMÁTICA	B4.1.//TIC1B4.1.1. ; TIC1B4.1.2. ; TIC1B4.1.3. B.3.2.//TIC1B3.2.1.	90%
<u>TRABALLO DE CLASE:</u> Análise sistemática e continuada das <u>tarefas e controis realizados na aula.</u>	BLOQUE 3: ORGANIZACIÓN, DISEÑO E PRODUCCIÓN DE INFORMACIÓN DIXITAL (Folla de cálculo)	B.3.1.//TIC1B3.1.2.	90%
<u>TRABALLO DE CLASE:</u> Análise sistemática e continuada das <u>tarefas e controis realizados na aula.</u>	BLOQUE 3: ORGANIZACIÓN, DISEÑO E PRODUCCIÓN DE INFORMACIÓN DIXITAL (base de datos)	B.3.1.//TIC1B3.1.3.	90%

3ª AVALIACIÓN:

INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN	UNIDADE	CRITERIOS DE AVALIACIÓN// ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN
TRABALLO DE CLASE: Análise sistemática e continuada das <u>tarefas e controis realizados na aula</u> .	BLOQUE 3: ORGANIZACIÓN, DESEÑO E PRODUCCIÓN DE INFORMACIÓN DIXITAL (tratamento dixital de imaxes: GIMP)	B.3.2.//TIC1B3.2.2. B.3.3.//TIC1B3.2.2.	90%
TRABALLO DE CLASE: Análise sistemática e continuada das <u>tarefas e controis realizados na aula</u> .	Bloque 5: Publicación e difusión de contidos Bloque 6: Internet, redes sociais e hiperconexión	B5.1.//TIC1B5.1.1. B5.2.//TIC1B5.2.1.;TIC1B5.2.2. B5.3.//TIC1B5.3.1. B6.1.// TIC1B6.1.1.;TIC1B6.1.2.;TIC1B6.1.3. B6.2.//TIC1B6.2.1. B6.3.//TIC1B6.3.1.	90%

Nota: As porcentaxes establecidas, así como o número de exames por avaliación poden variar o longo do curso debido a modificacións na programación, tipo de alumnos/as, segundo o grupo, recursos, etc. Esas modificacións quedarán rexistradas e xustificadas no **libro de actas do departamento de informática**.

3.- METODOLOXÍA DIDÁCTICA, INCLUÍNDO AS ESTRATEXIAS A DESENVOLVER POLO PROFESORADO, PARA ACADAR OS ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE, ASÍ COMO A ADQUISICIÓN DAS COMPETENCIAS CLAVE.

En aplicación do artigo 27 do decreto 86/2015:

A metodoloxía que se utilice no bacharelato favorecerá o traballo individual e en grupo, o pensamento autónomo, crítico e rigoroso, o uso de técnicas e hábitos de investigación en distintos campos do saber, a capacidade do alumnado de aprender por si mesmo, así como a transferencia e a aplicación do aprendido.

Para iso empregaranse diversas **estrategias metodolóxicas**:

- Expresión de ideas previas para valorar os coñecementos do alumnado, grao de madurez e necesidades que manifesta antes de comezar os temas.
- Exposición da profesora a través de diversos soportes, principalmente informáticos.
- Selección de actividades que favorezan a autonomía do alumnado en relación a súa propia forma de aprendizaxe, os seus ritmos e as súas necesidades.
- Deseño de situacións que faciliten a participación do alumnado, que posibiliten a expresión da súa creatividade e que favorezan o debate na clase.
- Aplicabilidade dos contidos tratados en diferentes áreas do coñecemento co obxectivo de integrar as TIC como ferramenta na resolución de problemas de diversa índole.

Nos traballos, será o alumnado quen escolla as fontes, seleccione a información extraída, a estruture e a expoña empregando un programa informático.

4.- MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS.

Empregaranse para o desenvolvemento da materia os seguintes recursos e materiais didácticos:

- Apuntes do profesor.
- Caderno do alumnado.
- Carpeta do alumno/a. Onde se reflectirán todos os exercicios de contido dixital. Recoméndase que cada alumno/a teña un pendrive.
- Espazo aula virtual do alumno/a. Onde se reflectirán todos os exercicios de contido dixital.
- Exercicios fotocopiabiles de reforzo e ampliación para o tratamento da diversidade.
- Proxector. Pizarra tradicional.
- Ordenadores para o desenvolvemento dos temas informáticos presentes na programación. Con conexión a internet.
- Recursos dixitais: programas específicos, páxinas web, vídeos, etc.

5.- PROCEDEMENTO PARA A AVALIACIÓN INICIAL

O procedemento de avaliación inicial materialízase na práctica a través dunha proba escrita inicial e a observación directa do alumnado mediante preguntas orais do tema que esteamos tratando.

O obxectivo é identificar en que estándares de aprendizaxe (imprescindibles) existen dificultades no conxunto do grupo ou en determinados alumnos/as.

Se houbese consideracións a ter en conta para o desenvolvemento da programación didáctica; estas quedarán reflectidas no libro de actas do departamento de informática, onde de maneira mensual faise constancia do seguimento da programación.

6.- PROCEDEMENTO DE AVALIACIÓN CONTINUA.

A avaliación do proceso de aprendizaxe do alumnado será continua, formativa e integradora.

O referente para avaliar as aprendizaxes do alumnado son os criterios de avaliación e a súa concreción nos estándares de aprendizaxe avaliábeis. No deseño das situacións de aprendizaxe tómanse en consideración todos os elementos do currículo, entre eles os procedementos e os instrumentos de avaliación, así como os criterios de cualificación que permitan avaliar tanto os resultados da materia como o nivel de competencias acadado polos alumnos.

Os procedementos e instrumentos de avaliación empregados na materia de TIC son:

PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN	INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN	CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN
<u>Probas orais ou escritas:</u>	Por norma farase un exame oral sobre o manexo do S.O. En caso excepcional (alumnos con necesidades educativas especiais) poderanse facer probas escrita con preguntas obxectivas (con preguntas moi concretas e opcións de resposta fixa para que o alumno/a escolla, sinala ou complete), de interpretación de datos (imaxes, esquemas, seguido dunha serie de preguntas relativas as súas interpretación), resolución de exercicios e problemas, etc.	90%
<u>Probas prácticas:</u>	Consistirá na realización dos exercicios propostos. A realización de todos os exercicios mandados de xeito correcto suporá a puntuación máxima.	
<u>Análise de producións dos alumnos/as:</u>	- <u>Traballos de aplicación e síntese.</u> Faranse traballos que poderán ser expostos. Estes traballos valoraranse como unha proba oral.	90% repartido en: - Traballo dixital: 20% - Exposición: 70%

As porcentaxes establecidas, así como o número de exames por avaliación poden variar o longo do curso debido a modificacións na programación, tipo de alumnos/as, segundo o grupo, recursos, etc. Esas modificacións quedarán rexistradas e xustificadas no **libro de actas do departamento de informática**.

Nas **probas orais non se fará recuperación. Nos traballos a expoñer poderanse recuperar, cunha segunda exposición.**

6.1.- CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

A **cualificación por avaliación** expresarase con **valores numéricos enteiros** comprendidos entre 1 e 10. Serán **positivas** las cualificacións **iguais ou superiores a 5**. Tendo en conta o **redondeo decimal** de $\geq 0,5$ a 1.

Para poder realizar o cálculo da nota media da avaliación todas as probas da avaliación deben ter cualificación positiva, así como ter entregados todos os traballos propostos na aula. En caso de ter algunha parte con avaliación negativa e o cálculo da media ser superior a 5 porase como nota da avaliación un 4.

O sistema de **cualificación** en cada **avaliación** será:

Nota_ Avaliación = 90% media _probas _oral _escritas _practicadas _exposición + 10% actitude.
--

Variables:

- media_probos_oral_escritas_practicas_exposición = media dos exames, exercicios e exposicións realizados. A valoración numérica en notas, estará comprendida entre 1 e 10. Facendo logo o 90% de dita nota media.

- actitude = terán 1 punto inicial en cada avaliación que poden perder por mala actitude ou falta de traballo.

A **nota final** será a que figure coma terceira avaliación: $\text{Nota_Final} = \text{media_das_avaliacións}$

Nota: os criterios de cualificación poden variar atendendo as circunstancias da avaliación.

Normas: o incumprimento das seguintes normas durante calquera tipo de proba (escrita, oral, de taller, etc) implicará o suspenso cun cero de dita proba:

- Copiar.
- Falar durante a proba sen a autorización do docente.
- Molestar con xestos, ruídos, burlas, etc.
- E calquera circunstancia que o docente teña a ben recoñecer como falta de respecto ou comportamento.

Recuperación ordinaria:

Establécese a seguinte opción: recuperar cada proba escrita (se a houbese) e/ou do traballo exposto. Non se recuperará a proba oral.

A nota máxima coa que se valoraría a proba escrita sería de 5 puntos. No caso da exposición non se establece un máximo (valorarase igual ca no caso ordinario).

Recuperación extraordinaria (setembro): ver punto 7.

6.1.A CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN DOS TRABALLOS REALIZADOS. RÚBRICA.

A rúbrica que se mostra a continuación é un modelo que se pode empregar para graduar a cualificación de traballos de aplicación e síntese. Dependendo do traballo, pódese aplicar na súa totalidade ou parcialmente.

Previamente informarase o alumnado dos puntos da rúbrica a seguir para a cualificación do traballo.

OBXECTIVO	PUNTOS	EXCELENTE; 4	ALTO; 3	BAIXO; 2	ESCASO; 1
CONTIDO	1	O tema obxecto do traballo tratase de forma creativa, sorprendente, amena, única.	O tema tratase con certa orixinalidade e de xeito ameno.	O tema desenvólvese (ou o parece) a partires dun traballo xa existente.	O traballo no é/parece orixinal nin de autoría propia.

	2		Cubre o tema obxecto do traballo con profundidade.	Cubre o tema obxecto do traballo de xeito adecuado.	Apenas inclúe a información esencial do tema.	A información sobre o tema é escasa.
	3		O texto mostra que o coñecemento do tema é excelente.	O texto mostra que o coñecemento do tema parece ser bo.	O texto mostra certos erros na asimilación do contido.	O texto mostra erros ou carencias na asimilación do contido.
	4		Empréganse de forma profusa imaxes e/ou infografías que complementan e axudan á comprensión do tema.	Empréganse varias imaxes e/ou infografías que complementan e axudan á comprensión do tema.	Apenas empréganse imaxes e/ou infografías, ou non aportan nin axudan á comprensión do tema obxecto do traballo.	Non se empregan imaxes nin infografías no traballo.
	5		O texto garda unidade temática e coidase a súa claridade, respectando a estrutura gramatical.	O texto garda unidade temática e coidase a súa claridade, pero non se respecta a estrutura gramatical.	O texto garda unidade temática, pero non se coida a súa claridade nin se respecta a estrutura gramatical.	O texto non garda unidade temática e non se coida a súa claridade; é unha unión de distintos textos.
	6		Non hai erros ortográficos nin gramaticais en todo o traballo.	O traballo ten entre 1 e 5 erros ortográficos ou gramaticais.	O traballo ten entre 6 e 10 erros ortográficos ou gramaticais.	O traballo ten 11 ou máis erros ortográficos ou gramaticais.
	6					
ORGANIZACIÓN	7		A portada e orixinal e introduce o tema obxecto do traballo e aos autores, e é seguida por un índice.	A portada é seguida por un índice do traballo.	A portada é orixinal e introduce o tema obxecto do traballo e aos autores, pero carece de índice.	A portada non é orixinal ou non introduce o tema obxecto do traballo ou aos autores, e carece de índice.
	8		O contido do traballo está ben estruturado: unha idea segue á outra en unha secuencia lóxica, con transicións e uso de títulos claros, mantendo o formato. É fácil de ler.	O traballo está bastante organizado; anque algunha idea parece fora de lugar, as transicións entre o resto son lóxicas e a orde empregada é clara. Ademais, mantense o formato, facilitando a súa lectura.	O traballo é un pouco difícil de seguir: algunhas ideas parecen fora de lugar, ou se empregan mal as transicións entre elas, a orde e/ou o formato.	As ideas dentro do traballo parecen estar clasificadas ao azar, con algunhas totalmente fora de lugar. Ademais, non se mantén o formato, costa ler.
	9		O final do traballo é orixinal, e inclúe unha reflexión profunda e conclusións.	O final do traballo inclúe unha reflexión e conclusións.	O final do traballo inclúe conclusións, pero sen apenas reflexión, e/ou parecen copiadas.	O final do traballo non inclúe reflexión nin conclusións, e/ou aparecen estar copiadas doutra fonte.
	10		A extensión do traballo axústase ao solicitado polo profesor/a, sen que sobre nin falte nada.	A extensión é lixeiramente superior ou inferior ao solicitado, sendo todo	a extensión axústase ao solicitado, pero a costa de eliminar partes importantes ou	A extensión é notablemente superior ou inferior á solicitada.

				relevante.	engadir contido sen lóxica.	
--	--	--	--	------------	-----------------------------	--

7.- PROCEDEMENTO DE AVALIACIÓN EXTRAORDINARIA

Aqueles alumnos/as que, como resultado da avaliación final ordinaria, obtiveran cualificación negativa realizarán unha proba extraordinaria no mes de setembro.

Valorará cun máximo de 5 puntos. Tendo en conta o **redondeo decimal** de $\geq 0,5$ a **1**. A proba será práctica: realización de certas tarefas diante do ordenador ou escrita para o caso de alumnos con necesidades educativas especiais..

O alumnado superará esta proba cando superen os estándares de aprendizaxe mínimos esixibles definidos na programación didáctica.

Recomendarase a estes alumnos/as repetir todas as actividades e problemas realizados no curso académico relacionados cos mínimos esixibles para a súa superación.

No mes de xuño, o profesor indicarlles as pautas a seguir.

8.- PROCEDEMENTO PARA O SEGUIMENTO E AVALIACIÓN DAS MATERIAS PENDENTES

En 4º ESO TIC non hai alumnos/as coa materia pendente.

9.- CRITERIOS DE TITULACIÓN

Titulara o alumnado que supere todas as materias de 4º ESO, ou que non superando unha ou dúas materias acade como mínimo unha nota de “3” na convocatoria extraordinaria de setembro, neste caso a Xunta de Avaliación decidirá se o alumno/a titula ou non.

No caso de non acadar a nota mínima de “3” nalgunha materia, directamente non titula.

Seguindo os criterios de promoción e titulación establecidos na LOMCE, se as dúas materias suspensas son Matemáticas e Lingua Galega ou Matemáticas e Lengua Castellana, o alumno/a non titulara.

Os criterios de promoción están dispoñibles no centro para a consulta dos membros da comunidade educativa (alumnado, profesorado, pais ou tutores, etc.).

10.- INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DE ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE.

Indicadores empregados para avaliar o proceso de ensino e a práctica docente son:

1. Programa a materia tendo en conta os estándares de aprendizaxe previstos na lei educativa.
2. Programa a materia tendo en conta o tempo dispoñible para o seu desenvolvemento.
3. Selecciona e secuencia de forma progresiva os contidos da programación tendo en conta as particularidades de grupo.
4. Programa actividades e estratexias en función dos estándares de aprendizaxe.
5. Planifica as clases de xeito flexible, preparando actividades e recursos axustados á programación e ás necesidades e ás motivacións do alumnado.
6. Establece os criterios, procedementos e os instrumentos de avaliación e autoavaliación do progreso de aprendizaxe do alumnado.

Reflexionarase sobre estes indicadores, e segundo proceda aplicarase propostas de mellora. Dita valoración quedará reflectida no libro de actas do mes de xuño e/ou na memoria final de curso.

Para maior comodidade, pode cumprimentarse a seguinte táboa:

INDICADORES PARA AVALIACIÓN DO PROCESO DE ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE	VALORACIÓN				
	5 muy satisfactorio/a; 4 satisfactorio/a; 3 aceptable; 2 deficiente; 1 muy deficiente				
	1	2	3	4	5
1.Programa a materia tendo en conta os estándares de aprendizaxe previstos na lei educativa.					
2.Programa a materia tendo en conta o tempo dispoñible para o seu desenvolvemento.					
3.Selecciona e secuencia de forma progresiva os contidos da programación tendo en conta as particularidades de grupo.					
4.Programa actividades e estratexias en función dos estándares de aprendizaxe.					
5.Planifica as clases de xeito flexible, preparando actividades e recursos axustados á programación e ás necesidades e ás motivacións do alumnado.					
6.Establece os criterios, procedementos e os instrumentos de avaliación e autoavaliación do progreso de aprendizaxe do alumnado.					
<u>PROPOSTAS DE MELLORA:</u>					

11.- INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR A PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA.

Para avaliar a programación didáctica utilizaranse os seguintes indicadores de logro:

- a. Resultados de cada avaliación.

b. Adecuación dos materiais e recursos didácticos, e a distribución de espazos e tempos aos métodos didácticos e pedagóxicos empregados.

c. Recursos dispoñibles para o seguimento da programación didáctica: ordenadores, material aula-taller, etc.

d. Contribución dos métodos didácticos e pedagóxicos á mellora do clima na aula.

Os apartados anteriores, quedarán reflectidos de **forma trimestral no libro de actas do departamento** ao finalizar cada avaliación.

Unha vez finalizado o curso, cumprimentarase a seguinte táboa que quedará reflectida no libro de actas do departamento de informática e/ou na memoria final de curso.

No caso de que fose un subapartado indicárase a fracción correspondente:

	Nº de estándares de aprendizaxe.	Nº de estándares impartidos	Grao de cumprimento da programación (%)
BLOQUE 1:	5		
BLOQUE 2:	6		
BLOQUE 3:	5		
BLOQUE 4:	3		
BLOQUE 5:	4		
BLOQUE 6:	5		
TOTAL	28		

12.- ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

As actividades complementarias e extraescolares previstas durante o transcurso do ano lectivo establécense polo colectivo de profesores compoñentes do claustro.

Ao longo do curso valorarase a posibilidade de acudir algunha área divulgativa para que os alumnos e alumnas poidan comprender dun xeito máis experiencial o contidos da materia.

13.- MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

O tratamento á diversidade recóllese nesta programación de diferentes formas:

1. A mellor estratexia para a integración do alumnado con necesidades educativas especiais ou con determinados problemas de aprendizaxe, é implicalos nas mesmas tarefas co resto do grupo, con distintos métodos de apoio e esixencia. O tratamento en "espiral" ofrece a posibilidade de retomar un contido non asimilado nun momento posterior de traballo, co cal evitamos a paralización do proceso de aprendizaxe de dito sector. con exercicios repetitivos que soen incidir negativamente no nivel de motivación.

2. Esta posibilidade de distinto nivel de profundización en moitas das actividades propostas, permitirán atender demandas de carácter máis profundo por parte de aqueles alumnos con niveis de partida máis avanzados o cun interese maior sobre o tema estudado.

3. Por último, insistir en que no traballo nos ordenadores, ademais do comentado máis arriba, posibilita a aqueles alumnos e alumnas máis avantaxados unha profundización no tema tratado; e a aqueles ou aquelas con deficiencias, permítelles unha nova oportunidade para asimilar os contidos básicos do bloque ou da unidade. Ademais, a formación de grupos para a realización destas actividades fomenta as relacións sociais entre o alumnado e a formación ou asentamento dunha maior cultura social e cívica.

14.- ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AO PLAN TIC, PLAN LECTOR E PLAN DE CONVIVENCIA

14.1.- PLAN TIC

O currículo da Comunidade de Galicia para a materia de Tecnoloxía da ESO, incorpora bloques de contidos do ámbito das Tecnoloxías da Información, que Xustifican plenamente o uso das TIC.

Nos distintos proxectos, traballos e prácticas requírese dunha serie de programas informáticos para redactar memorias como o paquete LibreOffice (editor de textos WRITER), programas de simulación (CROCCLIP, MECANISMOS, ETC.) e Internet como ferramenta de busca de información nos proxectos ou para a realización de traballos.

Recomendase que cada alumno/a teña un PENDRIVE

14.2.- PLAN LECTOR

Dende o departamento faremos todo o posible para axudar nos seguintes aspectos:

1. A existencia e fomento dunha biblioteca escolar como centro de recursos da información, da lectura e da aprendizaxe, dinamizadora da actividade educativa e da vida cultural do centro.
2. A integración das fontes informativas, en calquera soporte (impreso ou electrónico) no tratamento dos contidos curriculares.
3. A formación de lectores e de lectoras competentes e a creación e consolidación do hábito de lectura.
4. O desenvolvemento de actitudes favorables á lectura mediante a creación de ambientes lectores, entre outras estratexias.
5. O funcionamento da biblioteca escolar como factor de compensación social. Para unha adquisición eficaz das competencias e a súa integración efectiva no currículo, deseñaremos actividades de aprendizaxe integradas que lle permitan ao alumnado avanzar cara aos resultados de aprendizaxe de máis dunha competencia ao mesmo tempo. Para isto, aproveitaranse as posibilidades que ofrecen as metodoloxías de proxectos, entre outras, así como os recursos e as actividades da biblioteca escolar.

6. Ao longo do curso propoñeranse aos alumnos a lectura de textos relacionados coa materia tratada, poñendo especial acento nos artigos científicos e noticias da actualidade. Estes textos leranse e debaterase a súa comprensión e os diferentes puntos de vista que cada un teña en función da devandita comprensión do texto.

Na fase inicial dos proxectos e traballos que se desenvolven nesta materia, os alumnos/as poden empregar os ordenadores da aula de informática para a busca inicial de ideas a través de páxinas web e o uso de buscadores.

Ademais, aplicárase o plan lector do centro.

14.3.- PLAN DE CONVIVENCIA

O plan de convivencia é o documento no que se articula a convivencia escolar e as liñas xerais do modelo de convivencia que se pretende implantar, os obxectivos específicos que cómpre alcanzar, as normas que a regulan e as actuacións que se deben realizar neste ámbito para a consecución dos obxectivos proxectados. En definitiva, é un proxecto de reflexión e pensamento en que se sinalan as liñas de actuación para a mellora da convivencia no centro docente, e por iso o proxecto educativo de cada centro ten un plan de convivencia que recolle e desenvolve os fins e principios establecidos no artigo 3 da Lei 4/2011 e os regulados nas leis orgánicas sobre a materia. O dito plan de convivencia integra o principio de igualdade entre mulleres e homes e establece, sobre a base dun diagnóstico previo, as necesidades, os obxectivos, as directrices básicas e as actuacións, incluíndo a mediación na xestión dos conflitos, e contera actuacións preventivas, reeducadoras e correctoras.

A convivencia escolar é a capacidade que teñen as persoas de vivir con outras nun marco de respecto mutuo e de solidariedade recíproca, expresada na interrelación harmoniosa e sen violencia entre os diferentes actores e estamentos da comunidade educativa. Ten un enfoque formativo, ao tratarse dunha aprendizaxe enmarcada en obxectivos fundamentais e transversais e, pola súa vez, é unha responsabilidade compartida por toda a comunidade educativa.

É preciso ser conscientes da importancia que un clima escolar axeitado ten no desenvolvemento positivo da vida dos docentes, dos procesos educativos e das relacións interpersoais que se desenrolan nos mesmos. Cómpre tamén ter unha serie de fins do sistema educativo como o exercicio da tolerancia e da liberdade, dentro dos principios de convivencia e a prevención de conflitos xunto coa resolución pacífica dos mesmos. É imprescindible tamén considerar a diversidade como unha característica intrínseca aos grupos humanos e considerala como un elemento enriquecedor e non como un factor de desigualdade.

O plan de convivencia terá obxectivos dirixidos a todos e cada un dos sectores da comunidade educativa e por finalidade a de favorecer as propostas educativas que axuden ao profesorado e ao alumnado á observación dos valores e as liberdades fundamentais do ser humano.

Os nosos fins no departamento serán os seguintes:

a) A garantía dun ambiente educativo de respecto mutuo que faga posible o cumprimento dos fins da educación e que permita facer efectivo o dereito e o deber de aproveitar de forma óptima os recursos que a sociedade pon á disposición do alumnado no posto escolar.

b) A educación no respecto dos dereitos e liberdades fundamentais, na igualdade de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres e na igualdade de trato e non discriminación das persoas.

- c) A prevención e o tratamento das situacións de acoso escolar mediante medidas eficaces.
- d) A busca da corresponsabilidade das nais e dos pais ou das titoras ou titores no mantemento da convivencia nos centros docentes, como un dos principais deberes que lles corresponden en relación coa educación dos seus fillos ou fillas, pupilos ou pupilas.
- e) A promoción da resolución pacífica dos conflitos e o fomento de valores, actitudes e prácticas que permitan mellorar o grao de aceptación e cumprimento das normas.
- f) O avance no respecto entre todos os membros da comunidade educativa e na mellora da convivencia escolar.
- g) A promoción da sensibilización dos distintos sectores que interveñen na educación sobre a importancia da convivencia como parte fundamental para o desenvolvemento persoal e social do alumnado.

Recordarlle ao alumnado os seguintes dereitos e deberes básicos de convivencia escolar, sen prexuízo dos establecidos nas leis orgánicas de educación:

- a) A recibir unha formación integral e coeducativa que contribúa ao pleno desenvolvemento da súa personalidade nun ambiente educativo de convivencia, liberdade e respecto mutuo.
- b) A que se respecten a súa identidade, integridade e dignidade persoais.
- c) Á protección integral contra toda agresión física ou moral, e en particular contra as situacións de acoso escolar.
- d) A participar directamente no proceso educativo cando sexa consultado pola Administración educativa.
- e) A participar na confección das normas de convivencia e na resolución pacífica de conflitos e, en xeral, a participar na toma de decisións do centro en materia de convivencia.

Son deberes básicos de convivencia do alumnado:

- a) Participar e colaborar na mellora da convivencia escolar e na consecución dun adecuado clima de estudo no centro, respectando o dereito dos seus compañeiros ou compañeiras á educación.
- b) Respetar a dignidade e as funcións e orientacións do profesorado no exercicio das súas competencias, recoñecéndoo como autoridade educativa do centro.
- c) Respetar a liberdade de conciencia, as conviccións relixiosas e morais, a igualdade de dereitos entre mulleres e homes e a dignidade, integridade e intimidade dos restantes membros da comunidade educativa.
- d) Respetar as normas de organización, convivencia e disciplina do centro docente.
- e) Conservar e facer un bo uso das instalacións e dos materiais do centro.
- f) Intervir, a través das canles regulamentarias, en todo aquilo que afecte a convivencia dos seus respectivos centros docentes.
- g) Seguir as directrices do profesorado respecto da súa educación e aprendizaxe.
- h) Asistir a clase con puntualidade e co material preciso.

Recordar tamén os dereitos e deberes do profesorado.

Ao profesorado, dentro do marco legal establecido e no ámbito da convivencia escolar, recoñécenselle os seguintes dereitos:

- a) A ser respectado, recibir un trato adecuado e ser valorado polo resto da comunidade educativa e pola sociedade en xeral no exercicio das súas funcións.
- b) A desenvolver a súa función docente nun ambiente educativo adecuado no que se preserve en todo caso a súa integridade física e moral.
- c) A participar e recibir a colaboración necesaria para a mellora da convivencia escolar e da educación integral do alumnado.
- d) A que se lle recoñezan as facultades precisas para manter un adecuado ambiente de convivencia durante as clases e as actividades e os servizos complementarios e extraescolares.
- e) Á protección xurídica adecuada ás súas funcións docentes.
- f) A participar directamente no proceso educativo cando sexa consultado pola Administración educativa.
- g) A acceder á formación necesaria na atención á diversidade e na conflitividade escolar e recibir os estímulos máis axeitados para promover a implicación do profesorado en actividades e experiencias pedagóxicas de innovación educativa relacionadas coa convivencia e a mediación.

Son deberes do profesorado:

- a) Respetar e facer respetar as normas de convivencia escolar e a identidade, integridade e dignidade persoais de todos os membros da comunidade educativa.
- b) Adoptar as decisións oportunas e necesarias para manter un adecuado ambiente de convivencia durante as clases e as actividades e os servizos complementarios e extraescolares, corrixindo, cando lle corresponda a competencia, as condutas contrarias á convivencia do alumnado ou, no caso contrario, poñéndooas en coñecemento dos membros do equipo directivo do centro.
- c) Colaborar activamente na prevención, detección e erradicación das condutas contrarias á convivencia e, en particular, das situacións de acoso escolar.
- d) Informar ás nais e pais ou ás titoras ou titores sobre o progreso da aprendizaxe e integración socio educativa dos seus fillos ou fillas ou pupilos ou pupilas, cumprindo as obrigas de dispoñibilidade dentro do horario establecido no centro para a atención a aqueles que lle imponha a normativa aplicable.
- e) Informar aos responsables do centro docente e, de ser o caso, á Administración educativa das alteracións da convivencia, gardando reserva e sigilo profesional sobre a información e as circunstancias persoais e familiares do alumnado.

E importante recordar a nosa condición de autoridade pública.

1. No exercicio das funcións directivas e organizativas, docentes e de corrección disciplinaria, o profesorado ten a condición de autoridade pública e goza da protección recoñecida a tal condición polo ordenamento xurídico.

2. No exercicio das funcións de corrección disciplinaria, os feitos constatados polo profesorado e que se formalicen por escrito en documento que conte cos requisitos establecidos regulamentariamente teñen presunción de veracidade, sen prexuízo das probas que na súa defensa poida sinalar ou achegar o alumnado ou os seus representantes legais cando sexa menor de idade.

3. O profesorado está facultado para requirir ao alumnado, dentro do recinto escolar e tamén durante a realización de actividades complementarias e extraescolares, a entrega de calquera obxecto, substancia ou produto que porte e que estea expresamente prohibido polas normas do centro, resulte perigoso para a súa saúde ou integridade persoal ou a dos demais membros da comunidade educativa ou poida perturbar o normal desenvolvemento das actividades docentes, complementarias ou extraescolares.

O requirimento previsto neste punto obriga a alumna ou alumno requirido á inmediata entrega do obxecto, que será depositado polo profesorado na dirección do centro coas

debidas garantías, quedando á disposición da nai ou pai ou da titora ou titor, se a alumna ou alumno que o porta for menor de idade, ou da propia alumna ou alumno, se for maior de 18 anos, unha vez terminada a xornada escolar ou a actividade complementaria ou extraescolar, todo iso sen prexuízo das correccións disciplinarias que poidan corresponder.

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles no caso de incidencia por COVID 19

Adaptación da Programación Didáctica segundo Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa; para o desenvolvemento das clases do curso académico 2020/21 nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia en caso de suspensión da presencialidade das mesmas.

Neste caso, defínense para cada bloque os estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles:

Avaliación		Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles		
Pre vis ta	Im parti da	Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe	Mín.
		BLOQUE 1. ÉTICA E ESTÉTICA NA INTERACCIÓN EN REDE		
1	1	B1.1. Adoptar condutas e hábitos que permitan a protección do individuo na súa interacción na rede.	TICB1.1.1. Interactúa con hábitos adecuados en contornos virtuais.	
1	1		TICB1.1.2. Aplica políticas seguras de utilización de contrasinais para a protección da información persoal.	s
1	1	B1.2. Acceder a servizos de intercambio e publicación de información dixital con criterios de seguridade e uso responsable.	TICB1.2.1. Realiza actividades con responsabilidade sobre conceptos como a propiedade e o intercambio de información.	s
1	1	B1.3. Recoñecer e comprender os dereitos dos materiais aloxados na web.	TICB1.3.1. Consulta distintas fontes e navega coñecendo a importancia da identidade dixital e os tipos de fraude da web.	
1	1		TICB1.3.2. Diferencia o concepto de materiais suxeitos a dereitos de autoría e materiais de libre distribución.	s
		BLOQUE 2. COMPUTADORES, SISTEMAS OPERATIVOS E REDES		
1	1	B2.1. Utilizar e configurar equipamentos informáticos, identificando os elementos que os configuran e a súa función no conxunto.	TICB2.1.1. Realiza operacións básicas de organización e almacenamento da información.	s
1	1		TICB2.1.2. Configura elementos básicos do sistema operativo e de accesibilidade do equipamento informático.	s
1	1	B2.2. Xestionar a instalación e eliminación de software de propósito xeral.	TICB2.2.1. Resolve problemas vinculados aos sistemas operativos e ás aplicacións e os programas vinculados a estes.	
1	1	B2.3. Utilizar software de comunicación entre equipamentos e sistemas.	TICB2.3.1. Administra o equipamento con responsabilidade e coñece aplicacións de comunicación entre dispositivos.	
1	1	B2.4. Coñecer a arquitectura dun computador, identificando os seus	TICB2.4.1. Analiza e coñece diversos compoñentes físicos dun computador, as súas	s

		compoñentes básicos, e describir as súas características.	características técnicas e as conexións entre eles.	
1	1	B2.5. Analizar os elementos e os sistemas que configuran a comunicación con fíos e sen eles.	TICB2.5.1. Describe as formas de conexión na comunicación entre dispositivos dixitais.	s
		BLOQUE 3. ORGANIZACIÓN, DISEÑO E PRODUCCIÓN DE INFORMACIÓN DIXITAL		
1	2	B3.1. Utilizar aplicacións informáticas de escritorio para a produción de documentos.	TICB3.1.1. Elabora e maqueta documentos de texto con aplicacións informáticas que facilitan a inclusión de táboas, imaxes, fórmulas, gráficos, así como outras posibilidades de deseño, e interactúa con outras características do programa.	s
2	3	B3.1. Utilizar aplicacións informáticas de escritorio para a produción de documentos.	TICB3.1.2. Produce informes que requiren o emprego de follas de cálculo, que inclúan resultados textuais, numéricos e gráficos.	
2	NON		TICB3.1.3. Elabora bases de datos sinxelas e utiliza a súa funcionalidade para consultar datos, organizar a información e xerar documentos.	
3	NON	B3.2. Elaborar contidos de imaxe, audio e vídeo, e desenvolver capacidades para integralos en diversas producións.	TICB3.2.1. Integra elementos multimedia, imaxe e texto na elaboración de presentacións, adecuando o deseño e a maquetaxe á mensaxe e ao público obxectivo a quen vai dirixido.	
			TICB3.2.2. Emprega dispositivos de captura de imaxe, son e vídeo, edita a información mediante software específico e crea novos materiais en diversos formatos.	
		BLOQUE 4. SEGURIDADE INFORMÁTICA		
2	1	B4.1. Adopta condutas de seguridade activa e pasiva na protección de datos e no intercambio de información.	TICB4.1.1. Analiza e coñece dispositivos físicos e características técnicas, de conexión e de intercambio de información entre eles.	s
2	1		TICB4.1.2. Coñece os riscos de seguridade e emprega hábitos de protección adecuados.	s

2	1		TICB4.1.3. Describe a importancia da actualización do software e do emprego de antivirus e de devasas para garantir a seguridade.	s
		BLOQUE 5. PUBLICACIÓN E DIFUSIÓN DE CONTIDOS		
3	NON	B5.1. Utilizar dispositivos de intercambio de información coñecendo as características da comunicación ou da conexión entre eles.	TICB5.1.1. Realiza actividades que requiren compartir recursos en redes locais e virtuais.	
3	NON	B5.2. Elaborar e publicar contidos na web que integren información textual, numérica, sonora e gráfica.	TICB5.2.1. Integra e organiza elementos textuais e gráficos en estruturas hipertextuais.	
3	NON		TICB5.2.2. Deseña páxinas web e coñece os protocolos de publicación, baixo estándares adecuados e con respecto aos dereitos de propiedade.	
3	NON	B5.3. Coñecer os estándares de publicación e empregalos na produción de páxinas web e coas ferramentas das TIC de carácter social.	TICB5.3.1. Participa colaborativamente en diversas ferramentas das TIC de carácter social e xestiona os propios.	
		BLOQUE 6. INTERNET, REDES SOCIAIS E HIPERCONEXIÓN		
3	NON	B6.1. Desenvolver hábitos no uso de ferramentas que permitan a accesibilidade ás producións desde diversos dispositivos móbiles.	TICB6.1.1. Elabora materiais para a web que permiten a accesibilidade á información multiplataforma.	
3	NON		TICB6.1.2. Realiza intercambio de información en distintas plataformas nas que está rexistrado/a e que ofrecen servizos de formación, lecer, etc.	
3	NON		TICB6.1.3. Sincroniza a información entre un dispositivo móbil e outro dispositivo.	

3	NON	B6.2. Empregar o sentido crítico e desenvolver hábitos adecuados no uso e no intercambio da información a través de redes sociais e plataformas.	TICB6.2.1. Participa activamente en redes sociais con criterios de seguridade.	
3	NON	B6.3. Publicar e relacionar mediante hiperligazóns información en canles de contidos multimedia, presentacións, imaxe, audio e vídeo.	TICB6.3.1. Emprega canles de distribución de contidos multimedia para aloxar materiais propios e enlazalos noutras producións.	

2. Avaliación e cualificación.

O sistema de avaliación en caso de se suspender as clases presenciais por incidencia do COVID, será a seguinte:

Avaliación e cualificación	
Avaliación	<p>Procedementos:</p> <p>Proba de coñecementos, realización de prácticas.</p>
	<p>Instrumentos:</p> <p>Probas máis modelo de solución para probas orais e escritas.</p> <p>Listas de cotexo e táboas de indicadores para tarefas e prácticas de aula, exposicións e debates.</p> <p>Observación da participación e colaboración nas tarefas de aula e no resto de tarefas do proceso de ensino-aprendizaxe.</p>
Cualificación final	<p>A cualificación por avaliación expresarase con valores numéricos enteiros comprendidos entre 1 e 10. Serán positivas las cualificacións iguais ou superiores a 5. Tendo en conta o redondeo decimal de $\geq 0,5$ a 1.</p> <p>Para poder realizar o cálculo da nota media da avaliación todas as probas da avaliación deben ter cualificación positiva, así como ter entregados todos os traballos propostos na aula. En caso de ter algunha parte con avaliación negativa e o cálculo da media ser superior a 5 porase como nota da avaliación un 4.</p> <p>Na primeira avaliación:</p> <div> <p>Nota_ Avaliación = 90% probas escritas e prácticas e actividades de aula + 10% actitude e participación</p> </div> <p>Na segunda avaliación:</p>

	<p>Nota_ Avaliación = 90 % prácticas realizadas durante as clases presenciais + 10% actitude e participación</p> <p>Nota final: Media da primeira e segunda avaliación + ata 3 puntos polas actividades realizadas durante as sesións non presenciais.</p>
Proba extraordinaria de setembro	Non hai alumnado para setembro.

3. Metodoloxía e actividades (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)

Metodoloxía e actividades (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)	
Actividades	<p>Continuamos coas actividades empregando o paquete ofimático Libre Office.</p> <p>Actividades no aula virtual presentadas mediante paquetes SCORM que inclúen información audiovisual (vídeos) e titoriais e guías paso a paso.</p> <p>Actividades de repaso, reforzo e recuperación de contidos.</p> <p>Fomento do uso das ferramentas de comunicación do aula virtual.</p>
Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade):	<p>Non hai constancia de que o alumnado presente problemas que impidan o desenvolvemento das actividades a distancia.</p> <p>O aula virtual Moodle, empregada dende o inicio do curso, seguería a ser o eixo baixo o que se distribúen os contidos e se realiza a entrega de tarefas, e promóvese o uso das ferramentas de comunicación que esta proporciona para facilitar a interacción e a coordinación para a resolución das tarefas.</p> <p>Os principais cambios da metodoloxía veñen da substitución da exposición oral por parte do profesorado e a interacción oral co alumnado por materiais explicativos, guías paso a paso, e o emprego activo das ferramentas de comunicación do</p>

	<p>aula virtual (que se emprega dende o comezo de curso) como son os foros, o chat, a mensaxería instantánea, e a posibilidade de empregar Cisco Webex Meeting engadida nesta terceira avaliación.</p> <p>Propóñense actividades e materiais que favorezan a autonomía do alumnado e que se axusten en tempo e medios para poder ser realizadas a distancia.</p>
Materiais e recursos	<p>Aula Virtual Moodle, apuntamentos, materiais e software de uso libre, conexión a Internet e equipos informáticos e dispositivos móbiles do propio alumnado e profesorado.</p> <p>Recursos en Internet.</p>

4. Información e publicidade

Información e publicidade	
Información ao alumnado e ás familias	Indicar o procedemento que o profesorado empregará para informar ao alumnado. Comunicación ao alumnado a través do Aula virtual Moodle.
Publicidade	Publicación obrigatoria na páxina web do centro.